



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 3E18 4B4Q 1T24 4W33 1BDJ	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE160VM4		
Número/Año	40972/2022		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	MIAO		
Interesado Principal	BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO (BNG)		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	3 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	30/05/2022 13:37:55		
Fecha Captura	30/05/2022 13:56		
Valor CSV	3E18 4B4Q 1T24 4W33 1BDJ		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa concelleira Avia Veira González, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción sobre a Agra do Orzán**,

Exposición de motivos

29.000 habitantes, que pagan o seu IBI e os seus impostos como os que máis, en 0,5 km :² unha densidade de poboación de 58.000 habitantes por quilómetro cadrado.

A Agra do Orzán é o barrio máis denso de Galiza e un dos barrios máis densos de Europa.

Cun desenvolvemento urbanístico, desaforado e descontrolado, a Agra do Orzán conta con 0 metro verdes e multitude de problemas de falta de espazo público, de concentración de coches, de falta de espazos para desenvolver servizos para a cidadanía, que ao fin acaban por teren que implantarse nos bordos do barrio.

Os únicos espazos públicos que ten a Agra do Orzán son o da rúa Barcelona e o da praza das Conchiñas, que o é porque a súa veciñanza loitou e pelexou porque ese anaquiño de barrio non fose outro espazo máis para unha especulación urbanística que pretendía e pretende aínda sobardar o dereito á cidade da súa veciñanza.

Unha praza das Conchiñas que pasou no goberno do Partido Popular de ser unha praza arborada a un aparcadoiro cunha praza enriba sen árbores que dean un mísero metro de sombra e un parque infantil que deixa moito que desexar.

O urbanismo e os expertos en medio ambiente veñen desde hai tempo poñendo en valor a relación entre o benestar integral das persoas e do territorio co número de espazos verdes que as persoas temos ao noso redor nos lugares que habitamos.

A cantidade de zonas verdes que temos ao noso alcance teñen o seu impacto e dimensión individual, falando de espazos verdes útiles cotiáns e de proximidade, porque son o lugar de paseo, relax ou ocio que poden empregarse cada día, que están preto da casa ou da escola e aos que podes ir camiñando se te cansares máis da conta.

A veciñanza da Agra do Orzán merece unha mobilidade axustada ás súas necesidades, merece políticas de accesibilidade e rehabilitación específicas, zonas verdes, un espazo público coidado, un urbanismo que comece a darlle a

importancia que merece o barrio máis poboado da cidade, un bo acceso a servizos públicos, a programación de actividades e un apoio adecuado ao tecido cultural e deportivo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG solicita ao Pleno do Concello da Coruña que adopte os seguintes:

Acordos

Instar o Goberno Local a:

1. **Elaborar e poñer en marcha un plan de rehabilitación e accesibilidade específico para o conxunto das edificacións do barrio da Agra do Orzán para, entre outros obxectivos, mellorar a súa calidade urbana e estética, eliminar a presenza de cables no exterior dos inmóbeis e aumentar o número de edificios que cumpran cos criterios de accesibilidade universal.**
2. **Mellorar a iluminación e a accesibilidade de todas as rúas da Agra do Orzán.**
3. **Atender as peticións de mellora das rúas Aaiún, Agra do Orzán, Agramela, Alcalde Lens, Almirante Moutelle, Andrés Gaos, Barcelona, Bellavista, Canceliña, Corcubión, Conchiñas, Francisco Añón, Fonte Alamo, Galo Salinas, Gregorio Hernández, José Baldomir, Julia Minguillón, Manuel Deschamps, Rolda de Nelle, Observatorio, Páramo, Pascuala Veiga, Ramón María Allier, San Leopoldo, Vila de Cee.**
4. **Intensificar a frecuencia da limpeza e recollida do lixo de acordo coas necesidades que ten un barrio tan densamente poboado.**
5. **Realizar unha campaña de concienciación sobre a obrigatoriedade de recoller os excrementos de animais na rúa.**
6. **Realizar unha campaña de promoción do comercio de barrio e promover a mobilización dos baixos comerciais en desuso a través dun banco de baixos comerciais.**
7. **Mellorar a mobilidade en transporte público, aumentar as prazas de mobilidade reducida, estudar a instauración dunha liña polo interior do barrio e a posibilidade de instalar aparcadoiros en espazos próximos na contorna do barrio.**
8. **Incluír o barrio da Agra do Orzán na programación da Coruña en Forma e en toda programación deportiva.**
9. **Incluír o barrio da Agra do Orzán dentro da programación cultural e lúdica así como mellorar o financiamento das actividades que se organizan desde o propio tecido veciñal do barrio.**

- 10. Facer do Observatorio unha gran zona verde e parque público libre de novas edificacións no que se aproveiten as edificacións que xa non empregue o Observatorio Meteorolóxico.**

A Coruña, 30 de maio de 2022



Avia Veira González

Concelleira do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA